



# falaRedes

programa de dinamización lingüística

## ASUBÍOS

***A compañía teatral Elefante Elegante achega ao FalaRedes unha peza teatral en galego para o público familiar, infantil e xuvenil baseada no respecto polo medio natural, as emocións, os afectos e o humor.***

A quinta das propostas do programa de dinamización lingüística FalaRedes 2018 é unha peza teatral dirixida a todos os públicos a partir de 3 anos e inspirada no conto "Cada home é unha raza", do escritor mozambicano Mia Couto. Se no orixinal o tema fundamental é a discriminación racial, na adaptación que a compañía Elefante Elegante realiza para a Rede de Dinamización Lingüística a temática xira arredor do medio natural e de como vivir en harmonía con el. Trátase dun alegato para unha vida respectuosa do ser humano coa terra que o acolle.

A Cidade Cinza era absolutamente silenciosa. Ninguén falaba, ninguén cantaba, ninguén ría e ninguén choraba. Naquela cidade unha moera de persoas camiñaba da casa para o traballo e da escola para a casa... sen parar. Non había unha soa flor, non habitaba unha soa árbore. Non había lugar para a natureza. Pero todas as mañás pasaba o vendedor de paxariños cargando unha fermosa gaiola de portas abertas con paxariños libres de cores alegres a voar arredor. O vendedor collía unha guitarriña e acompañaba o frenético chiar da paxarada. Daquela, ao seu arredor, o mundo transformábase nunha fábula. Mais por detrás das cortinas, os mandaríns da cidade reprobaban aquel home que distraía as persoas das súas obrigas cotiás...

*Asubíos* chegará este outono a concellos da Rede de Dinamización Lingüística. Coma sempre no FalaRedes, a entrada é libre e de balde ata completar a capacidade das salas. Toda a información sobre a nova edición xa está dispoñible no Portal da Lingua Galega en [www.lingua.gal/FalaRedes](http://www.lingua.gal/FalaRedes).



@Falaredes



Rede de Dinamización Lingüística

# ASUBÍOS

## SETEMBRO

Sábado 29: **Fene**, na Casa da Cultura, ás 12:00 horas

## OUTUBRO

Sábado 6: **Arteixo**, no Auditorio do Centro Cívico, ás 12:00 horas

Domingo 7: **Betanzos**, na Aula Municipal de Cultura, ás 12:00 horas

Domingo 7: **Ribadumia**, no Auditorio Municipal, ás 19:00 horas

Domingo 14: **Forcarei**, no Centro Social, ás 18:00 horas

Domingo 28: **Verín**, no Auditorio, ás 18:00 horas

## NOVEMBRO

Xoves 1: **Carballedo**, no Salón de actos da casa do concello, ás 18:00 horas

Venres 2: **Mancomunidade de Concellos da Mariña Lucense**, en lugar por determinar, ás 19:00 horas

Sábado 3: **Outeiro de Rei**, na Casa da Cultura, ás 12:00 horas

Sábado 3: **Guitiriz**, na Casa Habanera, ás 18:00 horas

Sábado 17: **Oleiros**, no Auditorio A Fábrica, ás 18:00 horas

Domingo 25: **Santiago de Compostela**, no Centro Sociocultural de Conxo, ás 18:00 horas



## DECEMBRO

Domingo 2: **Carballedo**, no Centro Sociocultural de Negreira, ás 13:00 horas

Xoves 6: **Monterroso**, no Centro Sociocultural, ás 12:00 horas

Xoves 6: **Silleda**, no Auditorio Manuel Dopazo, ás 18:00 horas

Venres 7: **Cea**, no Edificio Multiúsos ás 19:00 horas

Sábado 8: **Barbadás**, na Casa da Cultura, ás 12:00 horas

Sábado 8: **Vilamarín**, no Auditorio Municipal, ás 19:30 horas

Domingo 9: **Salvaterra de Miño**, na Casa da Cultura, ás 12:00 horas

Domingo 9: **Castrelo de Miño**, no Salón de actos da casa do concello, ás 18:00 horas

